



Consello de Galicia

Buenos Aires, 2 de maio de 1969.-

Sr.

Xavier Alvajar
17 Quai Aux Fleures
PARIS

Benquerido amigo:

O señor Skadegar mandou todo o material pro Congreso da U.F.C.E., afirmando que está en estreito contacto con vostede pra todo o relacionado con él. Eu xa lle contestei a nome do Consello coa nota que lle mando e que é copia testual da que lle remitín. Xa este queda resolto.

Agora confiamos en vostede. Antonio Álvarez non poderá estar en París a tempo. Deixe aviso na súa casa da data de regreso pra que él o espere e poidan falar. Pensamos que en Colmar se lle permitirá falar. Tal día o Secretario da U.F.C.E.. Pode ser sexa pra saudar, ou agradecer, si nos dán o ingreso. Pregámoslle leve un discurso escrito. E a maneira de non esquecer nada. Os discursos, cambéandolle as primeiras verbas sirven pra calisquer cousa. Puntualice todo: Riqueza lingüística, económica, humán e cultural. Fale da baixa renda galega, menos de 50% da media hespañola. Da noda doerosa emigración. De abandono de toda axuda pro noso desenrolo industrial. De que nos queren, na división de traballo hespañol, convertir en zona de produción de alimentos baratos, namentras os nosos labregos morren de ditrofia e enfermidades. Fale de atropelle o noso dereito consuetudinario que queren considerar dentro dos moldes xurídicos imperantes en Castela, totalmente inapricabres en Galicia. Expoña o noso aporte a cultura europea e cite nomes, moitos nomes: Valle Inclán, Madariaga, Menéndez Pidal, Pardo Bazan, Camilo Xose Cela, Risco, Castela e cantos na política, no arte, ou nas letras, honran a Galicia. Fale da nosa Autonomía outida e non apricada. Arme unha fía de solidaridade cos delegados célticos, e cos outros, e logo mande o discruso pra metelo en Galicia. Moito confiamos en vostede.

Percure que a Oficiña de Prensa do Congreso faga coñecer o ingreso de Galicia. Si non houbera dita oficiña aproveite os periodistas presentes. Pro arme unha boa nota de propaganda que as axencias se encarregarán de que o nome da Patria apareza nos xornaes de todo o mundo.

Agradeza ao señor Skadegard, a nome noso, a deferencia tida cos galegos.



Consello de Galiza

Ordeouse a saída do xiro de reforzo. Confiamos en que poida axudar a cubrir os gastos do seu viaxe. Si a-sí non fora mande a decilo pra complementar a diferenza.

Hoxe saíron CORREOS DE GALICIA pra todos os indicados por vostede. Si hai que mandar mais con mandar as direicións abonda. E resultanos grato que o Manifesto fora do seu agrado. Longo, sí, pro hai tanto que decir. Pense que o importante e impactar na Terra facendo saber que estamos o lado dos que loitan. Famentos de toda literatura que non sexa a oficial; asegúrelle que será de efecto. Xa temos informes da chegada e aceptación do manifesto. Eso é o mais importante de todo.

Tamén estamos dispostos a mandar un manifesto os emigrantes de Europa. Vostede pode apuntar ideas sobor do particular: condicións en que viven, tempo de ausencia, trabas a súa radicación en certos países, situación das autoridades consulares franquistas, policía hespañola de control, xornaes que perciben en relación os traballadores nacionaes, etc.. Este urxe. Dende logo felicítamolo pola idea que nos da.

Lamentamos a crisis do P. S. O. E., que causa o impedimento da gran reunión política que houbera sido moi proveitosa. Vostede sosteña que hai que apurar o asunto. Nós estaremos sempre o lado de quen es deben ser aliados das forzas que queren unha Galicia en prentitude de dereitos. E decir, esto é vital, que non marxinen a Galicia no arranxo do problema político hespañol. !Pra Galicia o mesmo que pra Cataluña e Vasconia!. Este hai que gardalo no peto e decilo cando se deba e onde se deba. Non convén gastar frases tirando chumbo as nubens.

Percure mandar as direicións dos grupos que van a Colmar pra mandar as nosas publicacións. Pro estableceza un forte contacto coas nacionalidades celtas. !E moi importante!.

Na seguranza do seu triunfo persoal, que será o de Galicia, non congreso, saudamolo coa estima mais fonda

Valentín Fernández
Segretario de Goberno



Consello de Galiza